

XORNADA SOBRE ENXERTADO DE CASTIÑEIRO: ENXERTOS DE XEMA

Dúas convocatorias:

20 de Xuño de 2014

23 de Xuño de 2014

Centro de Investigación Forestal de Lourizán



Os enxertos no viveiro realízanse en plantas ben prendidas o segundo ou o terceiro ano de cultivo, aínda que nalgúns casos enxértanse a ollo dormente a finais do primeiro verán. No castiñeiro empréganse varios tipos de enxerto segundo a época do ano en que se realiza, o tamaño e o estado de desenvolvemento do portaenxertos, e o vigor das pugas que se van enxertar.

Os **enxertos de puga** fanse a finais do inverno e primavera, entre marzo e maio. Outras técnicas de enxerto empregadas a zume movido son o **enxerto de gaita ou canoto**, os **enxertos de escudo en T, en T ou Y invertida**, o **enxerto de placa** e o **chip budding**. O enxerto en T e o chip budding fanse en dúas épocas diferentes -entre maio e xuño- e producen brotes o ano en curso e por iso se chaman enxertos

de xema a ollo velando. Os enxertos feitos en agosto e setembro non brotan ata o ano seguinte e por ese motivo se chaman enxertos de xema a ollo dormente. O enxerto de gaita é o único dos enxertos de xema empregados tradicionalmente nos soutos galegos.

A elección do método de enxertado que se vai empregar depende principalmente do **diámetro dos portaenxertos** e da **dispoñibilidade das pugas vigorosas** na mesma localidade na que se fan os enxertos. Se temos pugas vigorosas no propio viveiro e portaenxertos de dous anos, o enxerto de primavera máis eficaz pode ser o de **Cadillac** e o **inglés dobre**. As plantas nas que falle o enxerto pódense enxertar outra vez en placa no verán. Outra opción é enxertar en placa, de xullo a setembro.



FEADER:
Europa inviste no rural



INGACAL
INSTITUTO GALEGO
DA CALIDADE ALIMENTARIA



CASTAÑA DE GALICIA
INDICACIÓN XEOGRÁFICA
PROTEXIDA



PROGRAMA:

10:00 - 10:10 Benvida.

Enrique Martínez Chamorro. Director do Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

10:10 - 10:20 Proxectos de I+D da Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia.

Manuel López. Secretario da IXP Castaña de Galicia.

10:20 - 10:30 Obxectivos e desenvolvemento do proxecto 'Portaenxertos e variedades para os soutos novos'.

Josefa Fernández López.

10:30 - 13:00 Práctica de enxertado.

Santiago Ramos Rodríguez.



DIRIXIDO A:

Viveiristas, labregos e estudantes.

INSCRICIÓNS :

Para realiza-la inscrición escribir a infolourizan.mr@xunta.es, indicando nome do asistente, viveiro ou empresa, teléfono e correo electrónico.

Data límite: **19 de Xuño de 2014.**

Inscrición gratuita. Prazas limitadas que se cubrirán por orde de inscrición. Aceptarase un único participante por empresa ou viveiro.

CELEBRACIÓN:

Dúas convocatorias: 20 e 23 de xuño de 2014, de 10:00 a 13:00.

Centro de Investigación Forestal de Lourizán. Estrada de Marín, km. 4, Pontevedra.

MÁIS INFORMACIÓN:

Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

Tel.: **986 80 50 00**

Correo-e: infolourizan.mr@xunta.es

Páxina web: www.lourizan.es



FEADER:
Europa inviste no rural



INGACAL
INSTITUTO GALEGO
DA CALIDADE ALIMENTARIA



CASTAÑA DE GALICIA
INDICACIÓN XEOGRÁFICA
PROTEXIDA

Centro de Investigación Forestal
LOURIZÁN
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR
Secretaría Xeral de
Medio Rural e Montes